

ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 31 DE MARZO DE 2016

Na Casa do Concello de Silleda, ás once trinta horas do día trinta e un de Marzo do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuiña Fernández, (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D^a. Ana Luísa González Costa, (PSdeG-PSOE)

D. Klaus Brey Montaña, (PSdeG-PSOE)

D. Jesús Taboada Lázara, (PSdeG-PSOE)

D^a. M^a del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)

D^a. M^a José Fernández Rodríguez, (PSdeG-PSOE)

D^a. Aída Castro Caramés, (PSdeG-PSOE)

D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)

D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)

D^a. Natalia Iglesias Mendez, (PP)

D^a. M^a del Carmen Folla González, (PP)

D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asiste: D. José Antonio Ramos Dobarro

INTERVENTOR:

D. Daniel Rodríguez

SECRETARIO XERAL:

D. Manuel Quintáns Queiruga.

Declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

1º.- ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (Do 28-01-2016).

Queda aprobada, sen observacións.

----- ... -----

2º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO GDR.

A proposta da Alcaldía, por unanimidade, son nomeados:

Titular: M^a del Pilar Peón Iglesias

Suplente: Manuel Cuiña Fernandez

----- ... -----

3º.- MODIFICACION DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DEZA E TABELIÓSTERRA DE MONTES.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de modificación dos Estatutos de acordo coa proposta remitida por esa entidade.

VOTACIÓN: Se aproba a Proposta da Alcaldía por unanimidade.

NOTA: Se transcriben como Anexos os novos Pregos.

----- ... -----

4º.- ELEVACION A DEFINITIVO DA DESAFECTACION DO CAMIÑO PUBLICO SITO NA FINCA 653 DO POLIGONO 10 DO PLANO DE CONCENTRACION PARCELARIA DE ESCUADRO-RELLAS.

VISTO o expediente instruído para a desafectación do camiño publico sito na finca nº 653 do Polígono 10 do Plano de Concentración Parcelaria Escudro-Rellas, logo da exposición ao público sen que se presentaran reclamacións,

Por unanimidade, se acorda:

- **APROBAR** a desafectación do camiño publico sito na finca nº 653 do Polígono 10 do Plano de Concentración Parcelaria Escudro-Rellas, de 3,20 mt. de ancho, que discurre desde a finca nº 653, propiedade de Josefa Rozados Villanueva (a solicitante), ata a nº 658, propiedade de Modesto Maril Fernandez, colindando con estas dúas a nº 659, propiedade de Manuel Mato Andón, enclavado entre dúas propiedades privadas, e que da acceso a un pozo de Josefa Rozados Villanueva, co acordo do outro veciño.
- **PROCEDER** a súa valoración polos técnicos municipais, a efectos da posterior transmisión a veciña solicitante Josefa Rozados Villanueva, Escudro-Rellas, SILLEDA.

----- ... -----

5º.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS Nº 1/2016

Visto o Informe de Intervención, por unanimidade, se aproba o recoñecemento extraxudicial de débedas que seguen:

D. Factura	Núm. Documento	Doc. Acreed.	Nome Terceiro	Concepto	C. Programa	C. Económica	Importe
08/04/2009	5	J36554160	Folla Obras y Contratas S.C.	Traballos realizados na ampliación dunha nave no lugar de Framiñan-	161	210	2.850,12

				Cortegada			
					SUBTOT AL ..	2.850,12	
17/10/ 2014	A/6399	B15600182	Sys Galicia S.L.	Mantemento anual sistema de seguridade CEIP Bandeira	323	212	128,36
					SUBTOT AL ..	128,36	
				TOTAIS.....			2.978,48

----- ... -----

6º.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2015

Dáse conta:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN 2015.

Examinada a liquidación do exercicio 2015, e liquidación de exercicios pechados, cos seus documentos xustificativos.

Visto que con data 29 de febreiro de 2016, foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Visto que con data 29 de febreiro de 2016, emiteuse informe de Intervención de Avaliación do cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sobre materia orzamentaria.

RESOLVO:

PRIMEIRO: *Aprobar a Liquidación do Orzamento Xeral de 2015, cuxas principais magnitudes son as que se detallan a continuación:*

- Dereitos recoñecidos netos	6.077.659,27.-
- Obrigas recoñecidas netas	5.889.589,89.-
- Resultado Orzamentario axustado	188.069,38.-
- Remanente de Tesourería total	2.700.825,34.-
- Desviación de financiamento positivas	40.000,00.-
- Saldos de dubidoso cobro	2.271.076,68.-
- Remanente de Tesourería para gastos xerais	389.748,66.-

SEGUNDO: *Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, desta resolución dacordo co establecido nos artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.*

TERCEIRO: *Ordear a remisión de copia de dita liquidación aos órganos competentes tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.*

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Manuel Cuiña Fernández, en Silleda, a 29 de febreiro de 2016; do que, como Secretario, dou fé.

*O ALCALDE
Asdo. Manuel Cuiña Fernández.*

*O SECRETARIO
Asdo. Manuel Quintán Queiruga.*

PP: Trátase de dar conta, non de aprobar, así que non hai problema.

BNG: Ata que o concello non aprrobe tódalas facturas pendentes, o BNG non vai votar a favor de ningunha liquidación

----- ... -----

7º.- MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES NO REFERENTE A NON SEXEICIÓN AO IMPOSTO DE DETERMINADOS INMOBLES (Centros de Saúde de Silleda e Bandeira)

Dáse conta da proposta da Alcaldía que consiste na exclusión dos 2 Centros de Saúde que esixe a XUNTA para transferilos.

ALCALDE: Estase a pasar a xestión dos centros de saúde á Xunta, e na Xunta piden que estean exentos do pago do IBI. De feito xa estaban, pero non figuraban na ordenanza. Trátase so de modificar a ordenanza para que figuren.

VOTACIÓN: Vista a Proposta da Alcaldía, por unanimidade, se acorda:

- Aprobar provisionalmente a modificación da vixente Ordenanza Fiscal seguinte:

- ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.

A razón de tal modificación é proceder aplicación do recollido no artigo 61.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, Texto Refundido Lei Reguladora Facendas Locais, así como o art. 14 da Lei 16/2012, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas a consolidación das finanzas públicas y ao impulso da actividade económica, sobre a non suxeición ao imposto de determinados inmobles, a saber, e entre outros, os de carácter patrimonial tal como o son os centros de saúde de Silleda e Bandeira, ao único efecto de que conste publicada no BOP da Pontevedra esa non suxeición, pois é requisito necesario para a cesión de devanditos centros á Xunta de Galicia.

----- ... -----

8º.- DAR CONTA DO INFORME DE SECRETARIA SOBRE A RECLAMACIÓN DE DEBEDA DO ADXUDICATARIO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA (ESPINA E DELFIN S.L.)

Dáse conta do Informe que se transcribe:

(...)

INFORME de SECRETARÍA

Clarificación da situación económica na relación contractual entre o Concello e ESPINA y DELFIN a 31-12-2015.

Obxecto: ESPINA Y DELFIN na súa condición de concesionario do servizo público de abastecemento e saneamento de augas, contrato asinado o 14 de Outubro de 1996, cun período contractual que remata o vindeiro 14 Outubro de 2016 (20 anos) reclama unha débeda pendente a 31.12.2015, arrastrada desde o inicio da concesión, por importe total de 569.854,59 € -614.714,13 € no seu cómputo-, nunca recoñecida pola Administración, e segundo o detalle que consta no expediente.

Observación: este informe pretende unicamente unha clarificación previa da reclamación de ESPINA, sen entrar, neste intre, en análises xurídicas sobre algún dos aspectos da relación contractual –aínda que se fai unha somera referencia a algún suposto-, que se efectuará, no seu caso, no momento oportuno.

Sobre o asunto aludido, se emite o seguinte:

INFORME

1º.- Desglose da débeda de ESPINA Y DELFIN

Partindo dos datos aportados pola empresa, sen poder entrar no estudo pormenorizado dos seus distintos conceptos, en especial dos mais antigos, o detalle sería este:

CONCEPTO	IMPORTE
Execución obras varias 1996/2011	57.414,14
Reclamación actualización contrato	424.262,06
Subtotal	481.676,20
Intereses Demora	84.613,79
Recibos varios	3.564,60
TOTAL	569.854,59

Nota: neste cómputo no se inclúen 44.859,54 € que ESPINA reclama en concepto de saldo ao seu favor como consecuencia, basicamente, do exceso en concepto de obras executadas de inversión na rede, en concreto 570.961,50 €, mentres que as realizadas ascenden a 419.028,19 e 313.467,26 en 2 certificacións, xunto co balance da incorporación dun funcionario e outros conceptos menores, que dan ese resultado final citado de + 44.859,54 €.

Así, ESPINA calcula un saldo inicial ao seu favor de 614.714,13 €, e en este informes se cifra en 569.854,59, con esa diferenza de + 44.859,54 €.

A favor municipal	IMPORTE
-------------------	---------

Taxas alta servizo (Del 96 al 2015)	92.712,71
Devolución taxas	8.217,81
TOTAL FAVOR MUNICIPAL	84.494,90

BALANCE	IMPORTE
TOTAL ESPINA Y DELFIN	569.854,59
TOTAL FAVOR MUNICIPAL	84.494,90
SALDO FAVOR ESPINA	485.359,69

2º.- *Desglose da débeda de ESPINA Y DELFIN co Concello en concepto das taxas de saneamento que continúa recadando logo de cesar na prestación do servizo. (04 Xuño de 2014).*

INGRESOS TAXAS. TRIMESTRALES	IMPORTE
2º Trimestre 2014	9.948,31
3º Trimestre 2014	33.408,60
4º Trimestre 2014	31.769,69
1º Trimestre 2015	33.225,78
2º Trimestre 2015	42.663,07
3º Trimestre 2015	43.124,96
4º Trimestre 2015 (Estimación)	43.124,96
Intereses demora a favor	42.035,13
Varios/Pendientes cobro	18.108,64
TOTAL	297.409,14

3º.- **Balance-Saldo a 31-12-2015.**

Partindo dos datos anteditos, nos quedaría este saldo:

Concepto	Cantidade
Reclamación ESPINA	485.359,69
Taxas Depuración/favor Ayto.	297.409,14
SALDO ESPINA (Inicialmente), a favor	187.950,55

4º.- *Aplicación da revisión de precios e interese de demora. ¿Canon do servizo?*

ESPINA E DELFIN, solicita o pago dos atrasos, actualizacións/revisións contractuais e intereses de demora. Nos atopamos ante un contrato administrativo o cal está suxeito á revisión de prezos e intereses de demora, e que a revisión de prezos levase a cabo mediante os índices ou fórmulas de carácter oficial que determine o órgano de contratación no prego de cláusulas administrativas. O atraso no pago de facturas superior a dous meses supón o pago de intereses de demora. A xurisprudencia do TS con reiteración establece que cando a Administración Pública incumpra coa súa obriga de liquidar facturas no prazo legal habilitado para ese efecto, deberán abonarse os correspondentes intereses de demora desde os dous meses seguintes.

Unha dúbida a resolver estriba en: se a actualización do IPC debe aplicarse de forma acumulativa sobre a base do orzamento inicial –caso da EDAR-, incrementando o valor do contrato cada ano, polo que o valor do mesmo ao que debe aplicarse a actualización do IPC cada período será distinta; ou pola contra a actualización deberá calcularse sobre a base do contrato inicial, é dicir de forma non acumulativa. Diversas sentenzas, e mesmo o Tribunal Supremo nun recurso de casación para a unificación da doutrina, adoptan un criterio de non acumulación, partindo da mesma cantidade cada acto.

Outra cuestión a analizar é a posibilidade de canon a favor do Concello, xa que, aínda que se pactou que fora cero, e non foi previsto no Prego de Condicións da adxudicación do servizo, “a priori”, pero si pode percibirse en función da evolución económica do meso, en concreto pola diferenza “entre a tarifa media vixente e o custo unitario do servizo”, e modificarase en “función das variacións que rexistren a tarifa e o custo unitario previsto”. A determinación do importe total do canon sae de multiplicar a diferenza mencionada no apartado anterior polos metros cúbicos facturados e cobrado á data da súa liquidación. Un tema que habería que aclarar tamén coa empresa, xa que, en definitiva, a cláusula 79 do Prego así o establece. Existen factores como pode ser, en concreto, o incremento do número de abonados que abriría esa posibilidade.

5º.- Fórmula polinómica. Revisión de prezos. Cuestionamento da xurisprudencia.

O concesionario aplica a fórmula polinómica prevista (Cl. 81 a 90) e, por exemplo, para o exercicio 2013 resulta un aumento desde o 2006 do 18,70 %, en concepto de revisión do custo unitario do servizo. Igualmente por non aprobar incremento de tarifas ou comprometerse o Concello a asumilas, calculan un aumento do 16,23 %, desde o 2006 na EDAR. A repercusión é considerable, xa que con tal sistema o 1º Trimestre do 2013 supuxo unha reclamación de 20.996,60 €, que pon de manifesto o elevadísimo custo para o Concello. Para maior ilustración, no 2015, elevan a débeda por tales actualizacións a ¡76.344,06 € e 85.352,28! no 2014, co efecto acumulativo do sistema de cómputo.

Sen entrar en profundidades xurídicas, procede apuntar que si ben é certo que a fórmula polinómica é un mecanismo axeitado para esa revisión, en todo caso o estipulado contractualmente, tamén ocorre que esa posibilidade se enmarca dentro de outros dous conceptos: o equilibrio financeiro e o principio de risco e ventura, que sintetizo nas teses que se expresa nas dúas sentencias que se transcriben de seguido.

Así, advirte a Sentencia do Tr.Supremo, Sec. 1ª, de 09.10.1987 (ROJ: STS 6277/1987)

«... que el equilibrio financiero es una fórmula excepcional que debe coordinarse con el principio de riesgo y ventura, al objeto de impedir que esa excepcionalidad se convierta en una garantía ordinaria de los intereses del concesionario, a modo de seguro gratuito que cubra todos los riesgos de la empresa trasladándolos íntegros a la "res publica", en contra de los que constituye la esencia misma de la institución y sus límites naturales».

Ou como razoa a STSJ de Madrid, Sec. 3ª, n.º 577/10, de 27.07, rec. 129/2010 (LA LEY 177788/2010)

«...el mantenimiento del equilibrio económico de la concesión no supone que quede descartado el principio de riesgo y ventura del contratista, puesto que una cosa es mitigar dicho desequilibrio y

otra distinta desplazar a la Administración el riesgo económico que es consustancial a la explotación del servicio. No se trata, en definitiva, ni de una garantía de beneficio para el concesionario ni de un seguro que cubra las posibles pérdidas económicas por parte de aquél, sino de una institución que pretende asegurar, desde la perspectiva de la satisfacción del interés público, que pueda continuar prestándose el servicio en circunstancias anormales sobrevenidas (cfr. artículo 129.4 del Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales), por lo que es necesario en cada caso concreto acreditar que el desequilibrio económico es suficientemente importante y significativo para que no pueda ser subsumido en la estipulación general de riesgo y ventura insita en toda contratación».

En definitiva, en contra da aplicación automática, “per se”, da revisión de prezos mediante a fórmula referida, a xurisprudencia do último decenio se ven inclinando por cuestionar abertamente o mesmo, de tal xeito que:

“es necesario en cada caso concreto acreditar que el desequilibrio económico es suficientemente importante y significativo para que no pueda ser subsumido en la estipulación general de riesgo y ventura insita en toda contratación”, ou que non pode converterse nun “... seguro gratuito que cubra todos los riesgos de la empresa trasladándolos íntegros a la "res publica".

No mesmo senso, por citar un caso recente, en Galicia, a sentenza do TS Xustiza de 4-Xuño-2015, nº 365/2015, confirma outra do XCA nº 3 de Pontevedra desestimando a reclamación de revisión de prezos –entre os anos 2006 a 2012- do concesionario dun servizo de abastecemento de auga nun Concello galego con idénticos argumentos os sinalados: só é posible a revisión si se demostra que sen tal incremento se altera o equilibrio económico-financieiro da concesión. Non hai dereito a revisión senón se altera o mesmo. E esta é a tese que sostén o que subscribe: ESPINA deberá demostrar contable/documentalmente o Concello de Silleda que existiu tal alteración para que se poida recoñecer os 424.262,06 € que reclaman por ese concepto, nos sucesivas anualidades practicadas.

“El incremento del coste unitario ... no posibilita la revisión del vigente en cada momento si tal incremento o variación en los costes de los servicios no altera el equilibrio económico-financiero de la concesión...” (T.S.X.G. Sentenza nº 365/2015 de 4 de Xuño 2015).

6º.- Referencia a Lei 2/2015, de Desindexación da Economía Española.

O réxime de revisión de prezos dos contratos públicos, regulado inicialmente nos artigo 89 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), sufriu dúas modificacións. A primeira delas operada pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2014 (LPGE 2014), que na súa Disposición adicional 88 remitiu a Lei 2/2015 en trámite:

Disposición Adicional Octogésima octava de la Ley 22/2013, de 23 de diciembre, Presupuestos Generales del Estado año 2014, sobre desindexación respecto a índices generales de contratos del sector público.

Uno. El régimen de revisión de los contratos del sector público cuyo expediente se haya iniciado con posterioridad a la entrada en vigor de esta Ley no podrá referenciarse, en lo atinente a precios o cualquier otro valor monetario susceptible de revisión, a ningún tipo de índice general de precios o fórmula que lo contenga y, en caso de que proceda dicha revisión, deberá reflejar la evolución de los costes. Se entiende que los expedientes de contratación han sido iniciados si se hubiera publicado la correspondiente convocatoria del procedimiento de adjudicación del contrato. En el caso de procedimiento negociado sin publicidad, para determinar el momento de iniciación se tomará en cuenta la fecha de aprobación de los pliegos.

El régimen descrito en el párrafo anterior, a partir de la entrada en vigor de esta Ley, resultará de aplicación a la aprobación de sistemas de revisión de tarifas o valores monetarios aplicables a la gestión de servicios públicos cualquiera que sea la modalidad de prestación, directa o indirecta, por la que se haya optado.

A segunda se produxo coa aprobación desa Lei 2/2015, de Desindexación da Economía Española, que introduce cambios importantes no sistema de revisión de prezos. De feito, derroga os artigos 90, 91, e 92. do TRLCSP, e modifica os artigos 47.5; 89; 131.1.d); 133.1; 255.3. O obxectivo do PLDE é establecer un réxime baseado na non indexación de rendas, prezos e calquera outros conceptos, cuxo valor monetario sexa susceptible de revisión en función de índices xerais de prezos (basicamente do IPC) Inclúense prezos de contratos públicos, prezos, taxas e tarifas regulados, subvencións, prestacións, axudas, multas,... Para iso establécese un novo réxime de revisión, que é prescriptivo para o sector público, optativo para o privado.

Prohíbese utilizar índices xerais de prezos nas modificacións dos valores monetarios. A prohibición xustifícase en que carece de sentido que o prezo regulado dunha prestación suxeita a obrigación de servizo público ou o dun contrato público se indexen á evolución de prezos de bens e servizos sen incidencia directa no custo da devandita prestación ou subministración. Con todo, contéplanse dúas modalidades de actualización destes valores monetarios: a revisión, que é a modificación con carácter periódico ou recorrente e automático e a variación, que é a modificación que non se considere revisión.

Recoñécese que os valores monetarios de certas relacións económicas e xurídicas necesitasen ser modificados de forma recorrente para adaptalos á evolución dos custos destes valores –revisión-. Nestes casos, permítese aprobar un réxime de revisión periódica, sempre que a evolución dos custos requírao, sendo estes avaliados conforme ao principio de eficiencia e boa xestión empresarial, e excluíndose os custos asociados á man de obra, os custos financeiros, os gastos xerais ou de estrutura nin o beneficio industrial. Os supostos nos que poderán realizarse estas revisións, os prezos, índices de referencia, fórmulas ou metodoloxía aplicables estableceranse a través da aprobación dunha Orde do Ministerio da Presidencia. Se non hai máis remedio, as revisións de prezos regulados quedan sometidas á autorización da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ou do órgano equivalente da Administración territorial competente. Regúlase tamén o réxime da revisión extraordinaria -variación- dos valores monetarios do sector público.

Prévese que as variacións puntuais destes valores monetarios non poderán indexarse. Con todo, permítese que ditas variacións poidan realizarse cando se xustifique por alteracións nos custos nunha memoria económica específica para este fin. A definición de custos exclúe certas partidas e todos aqueles que non se correspondan coa eficiencia e boa xestión empresarial. Esta revisión extraordinaria requirirá tamén a aprobación da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos ou do órgano equivalente da Administración territorial competente. A revisión dos prezos dos contratos do sector público farase de acordo co novo réxime que se establece no PLDE, para o que se modifican os artigos 87, 89 e 90 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Para o conxunto de contratos do sector público -coa excepción dos contratos de obras e os contratos de subministración e de fabricación-, a revisión de prezos deberá axustarse ao réxime establecido na Lei. Déixase claro que a revisión periódica de prezos só poderá levar a cabo cando se xustifique por variacións nos custos dos factores, excluíndose os custos asociados á man de obra, os financeiros, os gastos xerais e o beneficio industrial. En todo caso, a revisión de prezos deberá facerse axustándose ao establecido á Orde que aprobe o Ministerio de Presidencia.

Establécese como regra xeral que quedarán excluídos da revisión de prezos o primeiro 20 por 100 executado e os dous primeiros anos transcorridos desde a formalización. Salvo nos contratos de xestión de servizos públicos, nos que a revisión poderá ter lugar transcorridos dous anos desde a formalización, sen que sexa necesario executar o 20 por 100 da prestación.

Agora ben, a actualización de prezos regulados mediante revisión prevista na Lei aplicarase a unha serie de servizos -enumerados nun anexo- derivados de relacións xurídicas xurdidas con anterioridade á súa entrada en vigor. Así, aplicarase o novo réxime de actualización aos prezos regulados dalgúns destes servizos que non teñen a súa orixe en relacións xurídicas

contractuais nas que intervén a administración. Enténdese que nestes casos a aplicación do novo réxime de revisión non afecta a relacións xurídicas nadas con anterioridade.

Coa entrada en vigor desta lei xurde un novísimo elemento de enfoque sobre o caso a analizar, en canto supón unha filosofía totalmente oposta a que aquí se reclama: a actualización lineal, automática, do sistema de revisión de custe do servizo, xa sexa coa fórmula polinómica ou co IPC, ou os dous mesturados como antes se expuxo. O que plánteo, como mínimo, un argumento contrario a tal aplicación no terreo ético ou de sentido común. No xurídico, amén da complicación interpretativa, teríamos que citar un elemento: desde a entrada en vigor en Marzo do 2015, xa non sería aplicable o cómputo que fai a concesionaria polos 3 últimos trimestres dese ano, ou sexa, habería que restar $18.799,69 + 18.892,42 + 20.945,96 = 58.638,07$ € que facturan por tal concepto, dito sexa en termos meramente estimativos, ao descoñecer a aplicación concreta derivada da Lei.

Pero, sobre todo, ven a incidir moi directa e profundamente na tese que se expuxo anteriormente: só é posible a revisión si se demostra que sen tal incremento se altera o equilibrio económico-financeiro da concesión. Aínda desde a perspectiva da non aplicación retroactiva, os seus principios, a súa filosofía, si que referendan, apuntalan, a liña argumental aquí exposta: xa non é admisible que se modifiquen os prezos do servizos públicos vinculados a unha fórmula ou un índice de incremento de prezos, reforzando aínda mais a postura xurisprudencial de non admitir tal automatismo e condicionar a revisión de tarifas a unha demostrada situación de incidencia negativa dos custes no equilibrio económico.

7º.- Balance/Estimación coas posibles correccións.

*Balance/Estimación coa posible corrección da Lei 2/2015:
(Desde 1 Abril a 31-12-2015)*

Concepto	Cantidade
Reclamación ESPINA	485.359,69
Taxas Depuración/favor Ayto.	297.409,14
SALDO ESPINA (Inicialmente), a favor	187.950,55
Corrección da Lei 2/2015	-58.638,07
SALDO FAVOR ESPINA	129.312,48

*Balance/Estimación coa posible corrección da Disp. Adicional 88 da Lei 22/2013:
(Neste suposto desde 1 Xaneiro 2014 a 31-12-2015)*

Concepto	Cantidade
Reclamación ESPINA	485.359,69
Taxas Depuración/favor Ayto.	297.409,14
SALDO ESPINA (Inicialmente), a favor	187.950,55
Corrección da Lei 2/2015 (2º,3º,4º trimestre)	-58.638,07
Corrección da Disp. Adicional 88 da Lei 22/2013 (85.352,28 do 2014 + 17.705,99 1º Tri)	-103.058,27

2015)	
SALDO FAVOR ESPINA	+ 26.254,21

- Obviamente este cómputo aproximado parte de incluír os 424.262,06 € que reclaman por revisión de tarifas –nunca aceptado polo Concello-. De non ser así, ou selo parcialmente, o balance incluso se invertería a favor municipal, compre puntualizar:

8º.- Referencia aos intereses de demora.

Dado que os intereses de demora se aplican sobre unha débeda recoñecida, as disquisicións anteriores, en tanto suporían unha considerable minoración da mesma, abocarían a paralela repercusión sobre ese cálculo, en tanto na metodoloxía seguida neste traballo se incluíron desde o principio (84.613,79 €). Nese senso, facendo una sinxela estimación, consistente en restar os 161.696,34 dos anos 2014 e 2015, segundo se expuxo anteriormente, e aplicarlle o porcentaxe de repercusión sobre os intereses de demora, sería de – 28.187,54 €, co resultado final que se reflicte no cadro que segue:

Balance/Estimación coa posible corrección da Disp. Adicional 88 da Lei 22/2013, da Lei 2/2015 e a repercusión nos intereses de demora.

Concepto	Cantidade
Reclamación ESPINA	485.359,69
Taxas Depuración/favor Ayto.	297.409,14
SALDO ESPINA (Inicialmente), a favor	187.950,55
Corrección da Lei 2/2015 (2º,3º,4º trimestre)	-58.638,07
Corrección da Disp. Adicional 88 da Lei 22/2013 (85.352,28 do 2014 + 17.705,99 1º Tri 2015)	-103.058,27
SALDO FAVOR ESPINA	+ 26.254,21
Corrección intereses de demora – 28.187,54 sobre los 84.613,79 incluídos	– 28.187,54
SALDO FAVOR CONCELLO	+ 1.933,33

* Se reitera que estes cálculos deben tomarse coa debida cautela pola súa propia xénese, como se ven explicando.

Polo exposto, se extraen as seguintes:

CONSIDERACIONS

1º.- *Procede facer unha revisión tanto da aplicación da fórmula polinómica como do sistema de cómputo que produce un efecto acumulativo, así coma nos aspectos xurídicos interrelacionados, a súa procedencia ou non, recomendando una consulta oficial a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta ou do Estado, e asómesmo sobre a posible incidencia da nova Lei 2/2015.*

2º.- ESPINA deberá demostrar contable/documentalmente o Concello de Silleda que existiu alteración do equilibrio económico-financeiro da concesión sen a revisión do custe unitario do servizo, para que se poida recoñecer os 424.262,06 € que reclaman por ese concepto e igualmente para analizar a posibilidade dun canon favorable o Concello nos últimos anos.

3º.- Sería recomendable un proceso paralelo de negociación coa Empresa para ver a posibilidade de chegar a un acordo amigable, sen necesidade da última opción do recurso diante dos Tribunais, e desde a perspectiva das cantidades que se citan, aproximativas, en todo caso.

Emito este informe, segundo o meu leal saber e entender, nos termos de sinxelo documento de traballo, co ánimo de clarificar a situación, someténdoo a calquera outro mellor fundado en dereito.

SILLEDA, 4 de Marzo de 2016. O Secretario. Manuel Quintans Queiruga

Documento de traballo suxeito a un proceso de revisión e actualización

INTERVENCIONS:

ALCALDE: Esta non é unha débeda recoñecida, polo tanto non se vai meter nos presupostos.

Co informe de secretaría ímonos sentar a negociar.

614.714,13€ É a débeda que reclama Espina & Delfín

-44.859,54€ Que é o resultado do aumento do custe de obras de E&D de fai 20 anos que, segundo informe de secretaría, queda anulado porque non se pode comprobar.

569.854,59€ Débeda restante

-84.494,90€ Taxas por altas no servizo, a favor do Concello. Cobrounas sempre a empresa e non llo ingresou ó Concello.

485.359,69€

-297.409,14€ O Concello fíxose cargo das depuradoras, pero a taxa cobra Espina & Delfín

187.950,55€ Saldo restante a favor de E&D

-103.058,27€ (Ano 2014)

-58.638,07€ (Ano 2015) Importes a descontar, correspondentes á suba do IPC de forma automática por parte da empresa. Segundo unha Lei do ano 2014 de desindexación da economía española, nos servizos públicos non se pode subir o IPC de forma automática sen presentar un estudo por parte da empresa, alegando que se altera o equilibrio económico - financeiro da mesma.

26.254,21€ Saldo restante favorable a E&D

-28.187,54€ Facendo a corrección dos intereses despois de descontar todo o que se descontou, cabe restar esta cantidade.

-1.933,33€ Saldo restante a favor do Concello de Silleda

Con este informe abranse negociacións a partires da semana que ven. Espina & Delfín terá que demostrar que se altera o equilibrio económico - financeiro da súa empresa.

Sempre é mellor unha mala negociación que un bo preito

PP: Mantemos unha postura de prudencia. A ver qué sae das negociacións. Hai que facer o mellor para o Concello e para os silledenses.

BNG: Primeiro parabéns ao Secretario. O concello poderá sacar unha lousa con este informe, que foi a concesión do abastecemento e saneamento da auga por unha empresa privada. O ben básico ten que ser levado polo concello, e non facer concesións de auga por 20 anos. A do saneamento extinguiuse hai uns anos.

Dende que se fixo esta concesión os recibos duplicáronse. Esta empresa o que fixo foi saquear ós veciños de Silleda. Lucrábanse do abastecemento e do saneamento, iso recoñecido por eles. Non pasaba así coa depuración, por iso non lles importaba desfacerse de ela. Encantados de que se faga isto. A empresa debería pedir perdón. Deberíase convocar xa a mesa da auga para ir informando tamén destes asuntos.

ALCALDE: Esperarase a ter as primeiras reunións coa empresa e despois convocarase a mesa da auga. O goberno propondrá que todo sexa de xestión municipal.

SECRETARIO: A reclamación está baseada no IPC ou fórmula polinómica. Silleda fixo un contrato hai uns anos con canon cero. A empresa non lle tiña que pagar canon ningún ó concello, no contrato asinado fai 20 anos e carece de documentos de Espina & Delfín nese senso, o de demostrar que a evolución do servizo non posibilitaría o cobro dese canon. Existe a posibilidade de que E&D lle tivera que pagalo a Silleda. O canon é a diferenza entre a tarifa media e o custe unitario do servizo.

Por outra banda, non se pode aplicar o IPC aos servizos públicos de xeito automático, hai que demostrar que perdes cartos ou que tes poucos beneficios. Hai unha lei nova, a Lei de Desindexación da Economía, así coma os Orzamentos Xerais do Estado para o 2014 e a xurisprudencia foi cambiando a favor desta tese no último decenio. Unha evolución que sostén ese principio: xa non é automático, como antes..., depende do equilibrio económico da concesión a posibilidade de que se aplique o IPC ou as fórmula polinómica, e cito coma último exemplo, aquí, en Galicia o caso do Concello de Bueu.

BNG: A historia do canon si que foi denunciada polo BNG. Nos alegramos desta cuestión que se nos expón e que ven a referendar o que sempre dixemos. O canon cero poríase a cambio duns investimentos que supostamente ía facer a empresa. E os investimentos que se fixeron no seu día non custaban os cartos que eles din. E claro que si, que non hai que asumir a súa reclamación, que se vaia os Tribunais si é necesario, e logo...

ALCALDE: A empresa aportou no momento da firma noventa millóns de pesetas como canon.

PROPOSTA DO SR. ALCALDE: O Sr. Alcalde explica que se seguirán os ditames do Informe de Secretaría e que, como primeiro paso, se abordará a posibilidade de chegar a un acordo amistoso con ESPINA, sempre coa vía dos Tribunais coma última solución, sen renunciar o contido esencial do mesmo, pero tendo en conta os varios matices que permiten un marxe de negociación, e se compromete a levalo o Pleno, calquera acordo nese senso.

VOTACIÓN: por asentimento se aproba a proposta da Alcaldía, seguindo as directrices do Informe Xurídico.

----- ... -----

9ª.- MODIFICACION, SOBRE O APROBADO EN NOVIEMBRE, DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E CONVOCATORIA DA LICITACION PARA CONTRATAR, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS (Cambios: a.cualificación do contrato como de

servizos e non de xestión de servizos; b.exclusión da experiencia e c.exclusión do radio de 30 Km. de “medios a disposición” como criterios de adxudicación).

Dáse conta da proposta da Alcaldía.

Alcalde: Redactáronse uns novos pregos adaptados ó que pide o Tribunal do Ministerio, modificando o contrato como de servizos e cambiando os criterios de adxudicación.Os pregos que se levan agora están redactados usando modelos da Deputación. A valoración técnica tamén a fará a Deputación.

PP: Apróbase a modificación, pero seguen en desacordo no que estaban antes da recollida no rural.

PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO

Modificación do Prego de Licitación da Recollida de Residuos Sólidos Urbanos

VISTA a resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales do MINISTERIO DE FACENDA, considerando a nulidade do Prego de Licitación da Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, en recurso interposto pola Asociación Galega de Pequenos Empresarios, polo que procede efectuar as modificacións seguintes:

1. Cualificación do contrato como de servizos e non de xestión de servizos
2. Exclusión da experiencia como criterio de adxudicación
3. Exclusión do radio de 30 Km. de “medios a disposición” –maquinaria e instalacións- como criterio de adxudicación

TENDO EN CONTA que na licitación se presentaron tres empresas (Anuncio BOP nº 2390 de 11 de Decembro de 2015) Empresas presentadas:

1. SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU.,
2. UTE, ASCAN GEASER
3. SOIL RECOVERY SL.

E que no acto de constitución da Mesa de Contratación, a instancias do Sr. Secretario, se suspendeu o proceso, logo do aludido recurso, procede efectuar unha nova licitación con esas modificacións do tipo de contrato e das cláusulas referidas a valoración da experiencia como criterio de adxudicación e a disposición de talleres e vehículos nun radio nun superior a 30 Km. de Silleda como criterio de selección baseado nese arraigo territorial, que tamén considera o TACRC que incumpre os principios de igualdade, libre concorrência e non discriminación.

Polo exposto, PROPOÑO ao Pleno o seguinte :

PROPOSTA DE ACORDO

- Modificación do Prego de Licitación da Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, de acordo coa resolución do TACRC, cualificando o contrato como de servizos e non de xestión de servizos, así como as cláusulas referidas a valoración da experiencia como criterio de adxudicación e a disposición de talleres e vehículos nun radio nun superior a 30 Km. de Silleda como criterio de selección baseado nese arraigo territorial.

SILLEDA a 11 de Marzo do 2016. O ALCALDE. Manuel Cuiña Fernandez

VOTACIÓN: Se aproba a Proposta da Alcaldía por 7 votos a favor (PSOE) e 5 abstencións (4 do PP e 1 BNG).

NOTA: Se transcriben como Anexos os novos Pregos.

----- ... -----

11º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES ANTERIORES

Dáse conta.

----- ... -----

10º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS

1. Proposta da Mesa pola Normalización Lingüística, asumida polo grupo socialista, que se formaliza como moción: sobre cumprimento da Carta Europea das linguas rexionais.

PROPOSTA DE MOCIÓN EN TODOS OS CONCELLOS DE GALIZA PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS

O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e tvtinoritarias, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español".

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001.

O Concello de Silleda manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e INSTA á Xunta de Galiza a:

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

-Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

Indicar que polo BNG presentouse outra moción, (Rexistro de Entrada nº 1292, de data 31 de marzo de 2016), no mesmo sentido.

Intervencións:

PP: A carta non é vinculante, senón que é a título informativo. O bilingüismo funciona correctamente.

BNG: O que quere dicir a carta é que o Estado Español non cumpre co que prometeu. O galego está en perigo de morte.

VOTACIÓN

A FAVOR: PSOE + BNG

EN CONTRA: PP

----- ... -----

2. Proposta da Alcaldía sobre a adhesión á rede de Cidades Amigas dos Nenos, (A petición dos interesados)

Proposta de Alcaldía sobre a adhesión a rede de Cidades Amigas dos Nenas

A principios dos anos 90 naceu na poboación de Fano (Italia) o proxecto denominado A Cidade dos Nenas, un modelo que xurdiu co ánimo de traballar cara unha nova filosofía de goberno da localidade, tomando aos nenos e nenas nenos como referencia e como garantía das necesidades de todos os cidadáns.

Dende a Deputación Provincial de Pontevedra estase a liderar un proxecto para estender este modelo de cidades amáis vilas e localidades.

Non se trata de aumentar os recursos e servizos para a infancia, senon de construír unha cidade diversa e mellar para todos, de maneira que os nenos e nenas poidan vivir unha experiencia como cidadáns, autónomos e participativos.

Esta Alcaldía, logo da reunión mantida o pasado día 27 de xaneiro en Pontevedra, considera que a iniciativa pode resultar beneficiosa para Silléda en xeral, e para a poboación infantil en particular, coa posta en marcha de diversas accións dentro da que se presenta como unha proposta transversal.

O proxecto pretende promover dous aspectos fundamentais na vida dun nena: a súa autonomía e a súa participación. Nestes anos, estas dúas lineas principais de traballo fixeron nacer diversas actividades nas localidades xa adheridas á Rede.

Plantéxa tamén a creación dun proxecto liderado dende o Concello a modo de laboratorio, tendo en conta as esixencias e os recursos locais, para progamar actividades e avahar a iniciativa.

Outra das actividades propostas é a creación do chamada Consello dos Nenos, unha das formas máis ricas e significativas da participación infantil, co convencemento de que os nenos poden contribuir á mellora na xestión da localidade coas súas aportacións.

No tocante á autonomía teñen cabida propostas como os chamados camiños escolares, coa intención de devolverlles a autonomía os nenos e nenas con idades comprendidas aproximadamente entre os 6 e os 11 anos para que poidan ir e voltar á escola sen ser acompañados por persoas adultas, unha actividade que era normal hai anos e que hoxe case se considera imposible.

Por todo o exposto, e considerando que se trata dunha iniciativa en beneficio do desenvolvemento socieducativo do municipio, e tendo en conta tamén que se está a falar dun proxecto a medio e longo prazo, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a adhesión do Concello de Silleda á rede de Cidades Amigas dos Nenos

SEGUNDO: Remitir o acordo á Deputación Provincial de Pontevedra, para o inicio da correspondente tramitación

TERCEIRO: Facultar ao alcalde a realizar os trámites oportunos que sexan requeridos durante o proceso.

Intervencións:

PP: Non sabemos qué significa isto, ou en qué consiste, ou se se vai a facer algo.

ALCALDE: Trátase de que cando se volva a facer algunha obra, ou algunha actuación se mire en cómo facela para adecuar un pouco o pobo ós nenos. Facilitarlles o andar pola rúa ou o que se facía antes de ir andando ó colexio, cousa que agora é impensable. Non é que se vaia a facer nada, é que cando se faga, se faga pensando nos nenos.

VOTACIÓN: Todos a favor.

----- ... -----

3. Moción do BNG sobre o Día Internacional da Muller

MOCIÓN DO BNG A ESTRADA/DEZA CON MOTIVO DO 8 DE MARZO. DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Van xa 159 anos desde que aquel 8 de marzo de 1857 un grupo de obreiras textís saíse á rúa en Nova York para protestar polas súas condicións laborais. Hoxe en día, esta data reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos laborais e a defensa da igualdade.

Neste marzo de 2016 a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres. Diante do discurso falaz da igualdade conseguida diferentes estudos, informes e enquisas recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres galegas. A fenda salarial segue a ser unha realidade aínda por combater diante da que as institucións non interpoñen medidas. Ademais, son as mulleres quen lideran as estatísticas de emprego temporal e parcial. No que atinxe ao traballo non remunerado, as desigualdades no reparto das responsabilidades repercuten negativamente sobre as mulleres que tamén sofren a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados.

As políticas austericidas do PP frearon a posta en marcha de medidas de igualdade, tanto no referido á lexislación como á realización de programas concretos. Por exemplo, a paralización da L.ei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza. Con esta inacción o goberno da Xunta incumpe o seu compromiso de integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade real no ámbito laboral. A falta de vontade política é tal que continuamos a agardar pola posta en marcha de políticas tan necesarias e reclamadas social e politicamente como medidas que melloren o emprego feminino.

Diante disto, é obriga para os concellos, a institución máis achegada á veciñanza, comprometerse na presións ás institucións directamente responsábeis de poñer en marcha políticas que revertan a desigualdade laboral das mulleres.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguintes:

ACORDOS

- Instar ao obero da Xunta de Galiza a dar cumprimento ao artigo 37 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza e elaborar un Plan galego de emprego feminino que inclúa, entre outras medidas, axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres con especial atención ás mulleres mozas e ás de máis de 45 anos e a creación dunha Renda de Inserción Laboral para mulleres desempregadas de máis de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior a 30 anos de cotización e que tivesen esgotado as prestacións.

- Instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan de corresponsabilidade que inclúa actuacións para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar conforme a lexislación vixente.

- Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais con motivo desta data.

VOTACIÓN: Todos a favor.

----- ... -----

4. Proposta da Alcaldía sobre a declaración institucional con motivo do 40º aniversario da proclamación da RASD.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA RASD

O 27 de febreiro de 2016 cumpriuse o 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática e o Concello de Silleda quere sumarse a este acontecemento histórico e demostrar un ano máis o seu firme compromiso co Pobo Saharaui.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharai afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon os seus fogares e quedáronse sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados CACNUR).

Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV -EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fundoa, aportaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharai a mans do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querrela por xenocidio contra o Pobo Saharaui e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por todo iso, o Concello de Silleda manifesta o seguinte:

1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharaui. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o estatus diplomático á Representación do Frente POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharaui, recoñecido así pola ONU.

2. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.

3. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauís de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharauís e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauís desaparecidas.

4. Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza en el Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.

5. Reafírmase no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia), como nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra do apoio maioritario da sociedade silledense á lexítima loita do Pobo Saharauí pola súa liberdade.

6. Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás silledenses que fan posibles proxectos de cooperación co Pobo Saharauí, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc.

VOTACIÓN: Todos a favor.

----- ... -----

5. Moción do PSOE: sobre o acordo suscrito pola UE con Turquía.

MOCIÓN MUNICIPAL

O Concello de Silleda, ao amparo do vixente Regulamento presenta para o seu debate e aprobación o Pleno a seguinte **Moción** en relación ao preacordo suscrito polos xefes de Estado e o Goberno da **UE** con Turquía.

Exposición de motivos:

O pasado martes 8 de marzo, as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea alcanzaron un principio de acordo para pór en marcha un programa para deportar a Turquía a todos os emigrantes -incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea a través deste país, a cambio de que os Estados da Unión recolequen a un número equivalente de persoas refuxiadas sirias asentadas xa en Turquía, e doutras medidas económicas e políticas a favor do Estado turco.

Os e as socialistas españois consideramos que, de confirmarse devandito pacto, a Unión Europea non estaría a respectar os convenios internacionais sobre dereito internacional de asilo. E que estaríamos a asistir ademais ao proceso de deconstrución da Unión Europea. Os e as socialistas españois non recoñecemos esta Europa, e cremos que non se pode facer un acordo de intereses con Turquía utilizando os dereitos das persoas refuxiadas emigrantes como moeda de cambio, porque o consideramos inadmisibile.

Desde o PSOE consideramos que as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea, ante a crise máis grave que vive desde a Segunda Guerra Mundial, asinaron un preacordo inmoral e de dubidosa legalidade, que, de confirmarse os termos aos que tivemos acceso a través das informacións recollidas polos medios de comunicación, contraviene claramente o dereito de asilo e múltiples convenios internacionais sobre dereitos humanos.

O PSOE mostra a súa adhesión ás peticións de organizacións non gobernamentais, Alto Comisionado da ONU para as persoas refuxiadas, e activistas pro dereitos humanos na denuncia, rexeitamento e esixencia de retirada do preacordo de Unión Europea e Turquía para devolucións masivas, así como a esixencia de abordar con urxencia a crise das persoas refuxiadas defendendo os dereitos humanos, creando corredores humanitarios, acolléndolles con respecto e solidariedade, e posibilitándolles o asilo entre os membros da Unión Europea.

É por todo o anterior que o Grupo Municipal Socialista do concello de Silleda presenta a seguinte Moción para o seu debate e aprobación en Pleno:

1.- O Pleno do Concello de Silleda mostra o seu rexeitamento ao acordo alcanzado entre as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea con Turquía que contempla a devolución a Turquía de todos os emigrantes - incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea.

2.- O Pleno do Concello de Silleda esixe á Unión Europea e aos Estados membros dar un ha resposta humanitaria urxente ante a grave situación que viven as persoas refuxiadas, respectuosa co dereito internacional de asilo e os dereitos humanos. Neste sentido, insta o Goberno da Unión Europea e aos Estados membros á retirada de calquera acordo, pacto, convenio ou proposta de acción que non respecte o dereito internacional de asilo ou convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea.

3.- O Pleno do Concello de Silleda sumase ao Manifesto "Pasaxe Segura" subscrito por multitude de organizacións sociais, sindicatos e partidos políticos de toda Europa e, neste sentido, insta á UE e os seus Estados membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que possibiliten, desde o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 Estados membros da Unión Europea.

VOTACIÓN: Todos a favor.

----- ... -----

6. Moción do PSG-PSOE. Proposta de establecer a bonificación máxima permitida na LRFL do 95% para os inmobles que desenvolvan actividades agrícolas e gandeiras, (que se tramitará, previos informes xurídicos e técnicos, para o vindeiro pleno).

*O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE de SILLEDA, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** relativa a **REVISIÓN CATASTRAL**, con base na seguinte*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O procedemento de revisión catastral impulsado dende o Ministerio de Facenda co obxectivo de aumentar a recadación e intentar sanear as contas dos concellos, vai a ocasionar un impacto importante sobre os habitantes do medio rural en xeral e sobre todo sobre as explotacións agrarias e gandeiras.

Esta revisión da resposta a aplicación da resolución da Dirección Xeral do Catastro de setembro de 2013, que marca como prazo ata o ano 2016 para levar a cabo dita actualización.

Este proceso consiste fundamentalmente en que se están a catastrar todas as fincas do rural, así como a dar de alta bens como instalacións rústicas que son catalogadas como almacéns ou vivendas.

Isto ten como consecuencia que as instalacións agrarias inclúense no Imposto de Bens e Inmobles, é dicir, pasan a pagar instalacións que ata agora estaban exentas de facelo.

Tal como recolle o RD 2/2004, de 5 de marzo, Reguladora das Facendas Locais que permite as bonificacións potestativas, e establece que "os concellos mediante unha ordenanza poderán regular as bonificacións de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor dos inmobles nos cales se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por darse circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento de ocupación.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de SILLEDA dado a importancia que o sector agrario representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nasa economía produtiva e polo tanto de especial interese municipal, insta ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para os bens inmobles nos cales se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras.

Intervencións:

PP: Estamos de acordo coa moción, pero pensamos que pode ser un melón que estoupe, se outros sectores con problemas tamén piden axuda.

BNG: A agricultura e a gandería son un modelo de vida neste concello, non son un problema sectorial.

A situación non a vai reverter o concello, pero sí pode axudar.

ALCALDE: Non se está en contra de que os agricultores paguen os seus impostos, pero cando están na UVI coma agora non é o momento de aumentarllos.

Se algún día desaparece o agro, desaparecerá paulatinamente todo.

Oxalá para o ano non haxa que aplicar ningunha bonificación porque o sector estea recuperado. Revisaranse as bonificacións ano a ano e seguiranse mantendo mentres haxa crise.

PP: ¿Cómo se vai facer?

ALCALDE: Para que a lei o permita temos que declarar o agro coma sector estratéxico para o concello. Unha vez feito isto poderase aplicar a bonificación previa petición do sector. O goberno anuncia que está disposto a conceder ata o máximo neste momento. Todo o que afecta a impostos non entra en vigor ata o 1 de xaneiro.

----- ... -----

7. Moción do PSG-PSOE. Petición de restitución a Augas de Galicia das balsas no río Deza na parroquia de Cira que foron demolidas.

MOCIÓN DE ALCALDÍA PARA RECLAMAR A REHABILITACIÓN DAS DÚAS PRESAS DE CIRA, DERRUBADAS EN AGOSTO DO 2015 POLA DIRECCIÓN XERAL DE MEDIO AMBIENTE

*Manuel Cuíña Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Silleda (Pontevedra), presenta ao Pleno da Corporación municipal de Silleda, en atención ás demandas dos veciños de Cira, para o seu debate e aprobación, se procede a seguinte **MOCIÓN DE ALCALDÍA**:*

Exposición de motivos

En agosto do pasado ano, a empresa Copcisa, S.A., adxudicataria do contrato de Medio Ambiente para a demolición de obstáculos na conca do Ulla, consumou a obra derrubando dúas presas asentadas no río Deza, entre Silleda e Cruces. Estas tostas, que daban histórico servizo ós muíños do Coto e de Martínez, foron practicamente eliminadas, argumentando por

parte da Xunta a axuda á recuperación de especies como o topillo ou o mexilón de río, ademáis de favorecer ós salmónidos.

No primeiro caso, na tosta do Coto, os traballos incluíron a retirada en camións do material derruídos, e no caso da presa de Martínez, a enorme cantidade de pedra de cantería desmontada foi depositada en parte do propio cauce do río, creando unha explanada que ó mesmo tempo foi repoboada con ameneiros.

Dende a asociación de veciños de Cira véñense denunciando estas actuacións por consideralas un atentado contra o patrimonio cultural existente na zona, ademais dos prexuízos que ocasiona a perda do aproveitamento de augas públicas dos que algúns veciños se viñan aproveitando dende os anos 50 con concesións a máis de 90 anos.

Nun informe da Consellería de Cultura e Educación dase conta de que "as presas para a derivación da auga son estruturas asociadas ao funcionamento dos muíños, que cumpriron unha función importante no aproveitamento do río para desenvolver unha actividade tradicional propia do pobo galego. Aínda que os muíños en sí non se verán afectados polas actuacións levadas a cabo, a demolición das súas presas pode levar á descontextualización dos mesmos, xa que se elimina a súa relación co río.

Estímase que para poder compatibilizar as actuacións propostas co patrimonio etnográfico, de xeito que se garanta a súa protección e conservación, se debería optar polas alternativas que impliquen menor afección ás presas dos muíños, como poden ser aperturas parciais nun dos extremos, recolocación de pedras, escalas de peixes, etc." o certo é que a antigüidade destas tostas, propiedade do Condado de Altamira, creado no 1455, está demostrado con papeis que atribúen algunha das presas coma a do Coto ó ano 1759, e outra, a de Martínez, cunha antigüidade aínda superior, tendo as primeiras constancias da existencia da mesma nos anos 1514-1515, o que lles atribúe grande valor histórico e patrimonial. Incluso se ten coñecemento de que comunicaban ós concellos de Silleda e Vila de Cruces.

Así, e á vista da grande cantidade de referencias históricas e patrimoniais que constan das citadas presas, e vistas as alegacións por parte das asociacións de veciños de Cira e de grupos de pescadores das zonas afectadas, propónse ao pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte **ACORDO**:

-Solicitar á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, como órgano competente, o restablecemento das presas ó seu estado orixinal.

- Solicitar as indemnizacións pertinentes para aquelas persoas que tiñan en vigor concesións de aproveitamento de augas públicas, e que se servían destas tostas para facelo, así coma a todos aqueles veciños e veciñas prexudicados polo derrube das presas.

VOTACIÓN: Todos a favor.

----- ... -----

11º.- MOCIÓN DE URXENCIA

- MOCIÓN DE URXENCIA DO BNG PARA A ELECCIÓN DOS CONSELLOS PARROQUIAIS

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE CONCELLEIRO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN PARA A ESCOLLA INMEDIATA DOS CONSELLOS PARROQUIAIS NO CONCELLO DE SILLEDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na lexislatura pasada aprobouse por iniciativa do BNG no Concello de Silleda un Regulamento de Participación Cidadá que recollía por primeira vez unha tentativa para dotar ás parroquias

de certa entidade e poder de decisión baseado na democracia e a pluralidade ao poder escoller os seus representantes cunha votación secreta e deixar de ser designad@s directamente como pedáne@s do Alcalde ou alcaldesa de turno.

Durante 2013 Iniciouse un proceso de plebiscitario para a elección e votación que foi abortado polo goberno do PSOE en minoría. Finalmente estes modificaron o regulamento, mais mantiveron o mesmo proceso de escolla, simplemente cos barreira de 20% de participación do censo de cada parroquia para validar o proceso.

Na lexislatura actual, 2015/2019, o goberno do PSOE con maioría absoluta aínda non foi quen de pór en marcha o proceso nen escoller ningún tipo de delegación parroquial, polo que os lugares e parroquias quedan sen unha referencia veciñal que colaboraría na detección dos problemas básicos, sería moi necesaria para realizar as demandas pertinentes e, sobre todo, podería axuntar en asemblea a cada parroquia de cando en vez para debater os asuntos da mesma, democraticamente e sen dirixismos.

Para o BNG non é de recibo que cun goberno que actúa e fai ao seu antollo cando e como quere, non se preocupase de atender a isto case un ano despois de comezar a funcionar.

Por isto, o Grupo Municipal do BNG, pon este tema a consideración da Corporación Municipal para que en sesión plenaria chegue ao seguinte

ACORDO

1.- Iniciar de inmediato o proceso de escolla dos Consellos Parroquias, tal e como se sinala no Regulamento de Participación Cidadá no Concello de Silleda, dando sempre preeminencia á elección democrática, plural e aberta proposta neste documento a fin de que as parroquias do noso concello teñan unha representación emanada da vontade veciñal, e non partidaria de quen ostenta o poder político municipal.

Intervencións:

BNG: Hai un mínimo dun 20% de participación para poder escoller representantes. Nesta lexislatura estase pospoñendo.

O número de representantes de cada parroquia vai en función dos veciños de cada parroquia.

ALCALDE: Non son procesos plurais e abertos cando nunha parroquia de 300 persoas votan 3 ou 4. En realidade son procesos familiares.

Houbo parroquias con 6 ou 3 votos, o que quere dicir que a sociedade non quixo o sistema de participación cidadá, co cal hai que cambiar o sistema.

Cando Matías estivo no goberno tampouco se fixo a escolla dende o principio.

BNG: Non se fixo a escolla dende o principio porque había que facer un regulamento de participación cidadá e ir a explicalo polas 33 parroquias. Dende o goberno se foi falando mal do sistema polas parroquias.

VOTACIÓN

A FAVOR: PP + BNG (5)

EN CONTRA: PSOE (7)

----- ... -----

ROGOS E PREGUNTAS

PP

- ¿Para qué é unha subvención que se pediu para a construción de unha nave para a xestión de residuos?
- ¿Cómo se vai implantar o sistema de control de persoal?
- ¿A qué corresponde unha factura de catro mil catrocentos e pico euros de Natalia Campos?
- ¿Vaise repartir unha copia da aprobación provisional do PXOM?
- ¿Por qué a colocación dos tubos do Outeiriño a fixo unha empresa de fora cando hai persoal municipal para facelo?, ¿e por qué veñen traballar tamén empresas de corrente que non son de aquí?.

BNG

- ¿O seguimento a Campomarzo en qué quedou?. Din que hai camións botando lixo cando non se podía. Empresa que non funciona. Concesión paralizada.
- ¿Hai resolución da subvención que se pediu de 268.000,00 euros para o obradoiro "Semente de Pedra"?
- Hai 161.000,00 euros de planificación para a rúa Lourás, que inclúe un carril bici. Un carril bici en esa rúa non é viable. Anúlase no momento no que a velocidade da rúa se reduce a 30.
- Lembrar que xa que a Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística foi aprobada, a partir de agora hai que dicir A Bandeira.
- Hai que arranxar o pupitre do pleno

ALCALDE:

- Con respecto á factura de Natalia Campos. O obradoiro de emprego denégasenos sempre. Facíase con memorias valoradas co que sempre quedabamos a un punto. Este ano fíxose mediante un proxecto e non con memoria valorada. A factura de Natalia é a de ese proxecto. E de momento non hai noticia de se está concedido ou non.
- Os tubos son para a rede que financiou a deputación para poñer a rede. Hai que xustificar os pagos, así que non se pode facer con persoal do concello.
- A empresa de electricidade que se usou para a mellora de A Mera chamouse porque as empresas de aquí non tiñan a capacidade necesaria para os traballos.
- O seguimento a Campomarzo sí se fixo e están funcionando con licenza. A Consellería de Medio Ambiente, a mesma administración que lle suspendeu a actividade volveulla a dar. E a licenza de actividade municipal xa a tiñan dende o principio.
- O proxecto da rúa Lourás gustoulle moito ós veciños. Como hai moita amplitude, fíxose carril, zona para os peóns, zona verde, e no outro lado, zona de paseo diferenciada en

dous colores e por onde poden ir os peóns e os ciclistas. O proxecto é amplo e queda máis bonito.

- A ordenanza de normalización lingüística vaise cumprir en tódolos termos.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 13-25 horas do trinta e un de de Marzo de 2016, do que, eu, o Secretario, dou fe, facendo constar que, a continuación, se incorpora un ANEXO, que forma parte integrante de esta Acta, fórmula usada pola extensión dos textos e porque non afecta ao desenvolvemento e trámites posteriores legalmente esixibles. Silleda 31-03-2016.

SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga